



APE GALICIA – NOVAS

- ✓ APE FORMACIÓNS – PRESENTACIÓN DO MAPA DE AXUDAS DA XUNTA DE GALICIA PARA PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS E PEMES, EDICIÓN VIGO.
- ✓ 30º ANIVERSARIO SECOT GALICIA
- ✓ PROGRAMA “EMPREGO SEN ETIQUETAS” EN OURENSE
- ✓ REUNIÓN ORDINARIA GALP RIA DE PONTEVEDRA
- ✓ ACTO DE TOMA DE POSESIÓN PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA, ALFONSO RUEDA VALENZUELA.
- ✓ ACTO CEP CON ALFONSO RUEDA
- ✓ DÍA INTERNACIONAL DO EMPRENDEMENTO “GALICIA REXIÓN EMPRENDEDORA”
- ✓ ENCONTRO DA ORDE DA VIEIRAXIII PREMIOS AJE GALICIA JOVEN EMPRESARIO.
- ✓ XUNTANZA IBÉRICA O PORTO
- ✓ COITIVIGO COMIDA DE CONFRATERNIDAD SAN JOSÉ 2024

✓ **INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS**

- ✓ TR340E, PROGRAMA DE INCENTIVOS ÁS EMPRESAS CUALIFICADAS COMO INICIATIVAS DE EMPREGO DE BASE TECNOLÓXICA (IEBT).
- ✓ CO301B - BONOS ACTIVA COMERCIO
PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN E INCENTIVACIÓN DO CONSUMO NOS COMERCIOS RETALLISTAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA
- ✓ CT402C - SUBVENCIONES ÁS ACTIVIDADES DE DISTRIBUCIÓN PARA INDUSTRIAS CULTURAS
- ✓ IG300C - AXUDAS Á TRANSFORMACIÓN DIXITAL DAS PEMES PARA O ANO 2024.

APE GALICIA - NOVAS

❖ APE FORMACIÓNS – PRESENTACIÓN DO MAPA DE AXUDAS DA XUNTA DE GALICIA PARA PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS E PEMES, EDICIÓN VIGO.

O pasado día 2 de abril APE Galicia presentou o seu programa APE FORMACIÓNS na cidade olívica, no Círculo de Empresarios, tal e como xa fixera anteriormente en Pontevedra, nesta ocasión inaugurando esta xornada de presentación, o secretario xeral técnico da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, Alberto Fuentes Losada.



Na súa intervención fixo unha introdución as diferentes liñas de apoio que a Xunta de Galicia ten ao dispor de tecido empresarial galego, especialmente pemes e autónomos, nas que profundaron nas súas posteriores intervencións, Pablo Fernández López, secretario xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, e Covadonga Toca Carús, Directora do Igape.

O primeiro bloque de intervencións desta xornada foi para o secretario xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, Pablo Fernández López, que fixo un percorrido sobre o mapa de apoios que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade dirixe a persoas traballadoras autónomas e pemes, avanzando mesmo en axudas que serán publicadas entre o segundo e terceiro trimestre deste ano. Pablo Fernandez aproveitou a súa intervención para reiterar o compromiso que ten a Xunta de Galicia co colectivo autónomo, base do tecido empresarial galego.

O segundo bloque desta xornada, estivo destinado á presentación do programa no que APE Galicia leva traballando varios meses. Jaime Barreiro e Carlos Alonso presentaron algunhas das pículas informativas que estarán dispoñibles na web da nosa entidade, www.apegalicia.es, nun breve espazo de tempo, e que conteñen información e formación de gran importancia para o colectivo autónomo co obxectivo do desenvolvemento e a mellora dos seus negocios.



Covadonga Toca, directora do Igape, interveu no terceiro e último bloque desta xornada, coa exposición das liñas que o seu departamento ten a disposición de pemes e autónomos, entre

as que destacou distintos programas activados xa desde comezos de ano en internacionalización e líneas de préstamos directos para posibilitar o financiamento e os investimentos do tecido empresarial, ademais de informar sobre a nova edición do programa Reacciona, para a posta en marcha de proxectos centrados na mellora da competitividade dos autónomos e pemes galegas.

❖ 30º ANIVERSARIO SECOT GALICIA

O pasado 10 de abril o presidente de APE Galicia acude o 30º aniversario de Secot-Galicia que celebrouse en Vigo, na Confederación de empresarios de Pontevedra, tratáronse temas coma, engadir anos a vida, o boom económico dos seniors, o novo planteamento da xubilación, o programa de voluntariado para seniors e ademais consellos para envellecer de maneira activa e saudable.

Pablo Fernández clausurou o acto, poñendo en valor a importancia de contar con mans expertas no emprendemento e apuntando a posibilidade de colaboración con esta organización co fin de reforzar o asesoramento a traveés da Rede de Polos.



❖ PROGRAMA “EMPREGO SEN ETIQUETAS” EN OURENSE

A conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade en funcións, Elena Rivo, participou na xornada de 'Emprego sen etiquetas', unha iniciativa que organiza a Xunta para incidir na necesidade de romper cos prexuízos de xénero na elección e no exercicio dunha profesión, a que acudiu o vicepresidente de APE Galicia por Ourense, David Martínez.

Na xornada participaron na mesa redonda catro mulleres que traballan como chapista (Nerea Doval), soldadora (Sonia Pacios), auditora (Ana Pumar) e expendedora nunha gasoleira (Zoraida Alonso) para dar conta das súas respectivas experiencias en sectores masculinizados.



Rivo clausurou o acto no que tamén destacou que 'Emprego sen etiquetas' forma parte dunha estratexia ampla e ambiciosa que se está impulsando desde a Xunta para conseguir unha verdadeira igualdade laboral. Esta inclúe programas e campañas como 'Ti Elixes', que se desenvolve en centros escolares para concienciar á xente nova da importancia de elixir unha profesión en función unicamente das habilidades, capacidades ou motivacións persoais.

❖ REUNIÓN ORDINARIA GALP RÍA DE PONTEVEDRA

O 10 de abril, celebrouse en Marín, a reunión ordinaria do GALP Ría de Pontevedra, a cal acudiu o presidente de APE Galicia José Ramón Caldas, nesta convocatoria tratouse o seguinte orde do día:

1. Exposición e proposta de aprobación de proxectos presentados á convocatoria de axudas de 2024.
2. Informe sobre estado de procedementos de contratación e acordo sobre publicación das contratacións realizadas.
3. Participación no proxecto FARCLIMATE por invitación da Universidade de Vigo.

❖ ACTO DE TOMA DE POSESIÓN PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA, ALFONSO RUEDA VALENZUELA.

O 13 de abril foi o acto de toma de posesión do presidente da Xunta, Alfonso Rueda, no parque San Domingos de Bonaval, a este acto acudiu o



presidente de APE Galicia, José Ramón Caldas en representación das persoas traballadoras autónomas de Galicia.

No seu discurso puxo en valor as aspiracións de Galicia, que gobernaría para todos os galegos, con humildade, coas súas virtudes e defectos, os acertos e tamén os erros, engadiu que Galicia

non será menos que nadie, pero que traballará sempre desde a igualdade.



Con respecto ó novo equipo de traballo, nos haberá vicepresidentes e engádesse unha nova consellería, e incorpóranse catro novos membros, José López Campos, ao fronte de Cultura, María Martínez Allegue en Vivenda e Infraestruturas, Antonio Gómez Caamaño, que releva a Julio García Comesaña ao fronte de Sanidade e María José Gómez Rodríguez para Medio Rural. Sustituye a José González, que se ocupará agora de Emprego, departamento no que tamén se integran agora as competencias de Emigración para mellorar a inclusión laboral dos retornados. Ocupa a vacante que deixa Elena Rivo, que abandona o Executivo.

Os demais repiten no cargo: Miguel Corgos continúa ao fronte de Facenda; María José Lorenzana en Economía; Diego Calvo en Presidencia; Ángeles Vázquez en Medio Ambiente; Román Rodríguez en Educación; Fabiola García en Política Social; y Alfonso Villares en Mar.

❖ 5º SALÓN MULTIMARCA PONTEMÓBIL OCASIÓN.

O 12 de abril tivo lugar no recinto ferial de Pontevedra a 5ª edición de Pontemobil Ocasión, converténdose así nun gran concesionario multimarca no que os pontevedreses poderían ver e escollerer entre gran variedade de modelos e gamas, os concesionarios que participaron no evento transmitiron unha satisfacción xeral poñendo á venda mas de 600 vehículos, a esta exposición acudiu o presidente de APE Galicia en representación do colectivo de autónomos do motor.



❖ ACTO CEP CON ALFONSO RUEDA

O 15 de abril celebrouse a asemblea xeral da Confederación Empresarial de Pontevedra (CEP), a que acudiu o presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, o presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Santalices; o presidente da Deputación de Pontevedra, Luis López; a delegada da Xunta en Vigo, Ana Ortiz; e o delegado da Xunta en Pontevedra, Agustín Reguera, e tamén acudiu o presidente de APE Galicia, José Ramón Caldas.

O presidente da Confederación, Jorge Cebreiros, resaltou que a pesar das dificultades o resultado económico da CEP sigue sendo positivo e agradeceu a colaboración das asociacións, empresas e Consello Asesor, “que dan respaldo á nosa actividade”.

Pola súa banda, Alfonso Rueda presentou algunha das liñas de traballo que estuda o Goberno galego para favorecer a dinamización da economía e do tecido empresarial, como é o plan de traballo posto en marcha para a redución e simplificación das xestións administrativas que han de realizar as empresas e para ese fin xa se conseguiu concentrar a emisión dos informes sectoriais para a obtención de licenzas nunha soa consellería.

Rueda tamén renovou o compromiso da Xunta coa defensa do Corredor Atlántico e animou aos empresarios en xeral, e á CEP en particular, a ser reivindicativos coas administracións públicas para conseguir aquelas necesidades colectivas, sobre todo no ámbito das infraestruturas e as condicións adecuadas para o desenvolvemento da actividade económica.



❖ DÍA INTERNACIONAL DO EMPREENDEMENTO “GALICIA EMPREENDEDORA”

O 17 de abril o conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González,



acompañado do secretario xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, Pablo Fernández, participou na conmemoración do Día Mundial do Emprendemento, un acto que aproveitou para poñer en valor a potencialidade da comunidade galega como rexión emprendedora, a este acto acudiron en representación das persoas traballadoras autónomas o presidente de Ape Galicia, Jose Ramón Caldas e a secretaria xera Sonia Acuña.

Entre outras medidas, o representante da Xunta referiuse ao lanzamento do denominado Mapa de emprendemento, un espazo virtual que integra por primeira vez o ecosistema galego de apoio ao emprendemento con todos axentes,



entidades, redes e recursos dispoñibles para iniciar un negocio.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ten en marcha, no marco da Rede de polos, un programa específico de substitución, cun centenar de empresas adheridas, coa finalidade de garantir a súa supervivencia, poñendo en contacto a persoas que cesan a súa actividade coas interesadas en retomala.



A Xunta de Galicia quere apoiar todo tipo de emprendemento, innovador ou tradicional, "todo aquilo que nos permita progresar como sociedade e como comunidade autónoma", afirmou o conselleiro.

Iniciativas impulsadas pola Xunta como a cota cero para as novas persoas autónomas, o programa de promoción do emprego autónomo ou o de nova oportunidade para traballadores por conta propia están a propiciar máis e mellor emprego.

❖ XIII PREMIOS AJE GALICIA JOVEN EMPRESARIO.

O 18 de abril tiveron lugar os premios Joven Empresario e Iniciativa Emprendedora, otorgados por AJE Galicia, os que acudiu o presidente de APE Galicia, Jose Ramón Caldas.

Estes premios foron otorgados a dúas empresas da provincia de Pontevedra, Galiwonders, con sede na cidade do Lérez, e Vanetta Vegan Food, de Nigrán, ademais, outras dúas firmas pontevedreses, Wildfire Sentinel e Sembra Biojoyas, lograron os accésit de Innovación e de RSE, siglas que aluden a responsabilidade social empresarial. Pola súa banda, a coruñesa Merlin Software logrou o terceiro accésit, o relativo á Creación de Emprego.

Alfonso Rueda, destacou o traballo dos mozos emprendedores convencido de que co seu labor contribúen ao crecemento económico de Galicia. Ademais, manifestou a súa confianza polo futuro económico da comunidade froito, en gran medida, do que debuxou como unha gran substitución xeracional.

O presidente do Executivo galego estivo acompañado polos novos conselleiros de Vivenda e Infraestruturas, María Martínez Allegue, e de Emprego, Comercio e Emigración, José González.

❖ XUNTANZA IBÉRICA O PORTO

O día 19 de abril tivo lugar a Xuntanza Ibérica, coa que se pretende unir mais a irmandade da nosa península e estreitar lazos co fin de favorecer as relacións do colectivo autónomo en prol dunha mellor relación beneficiosa para todos, a esta xuntanza acudiu o presidente de



APE Galicia, José Ramón Caldas, os asistentes tiveron o gusto de coñecer un pouco da gastronomía portuguesa, así coma a riqueza e patrimonio cultural que ofrece a cidade.

❖ COITIVIGO COMIDA DE CONFRATERNIDAD SAN JOSÉ 2024

O sábado 27 de abril tivo lugar a comida anual de confraternidade do Colexio Oficial de Inxenieros Técnicos Industriais de Vigo no Parador de Baiona con motivo do homenaxe



aos compañeiros que cumprian 25 anos de profesión e tamén a aqueles que levan 50 anos de vida profesional, con entrega de mencións honoríficas.

A este acto foi convidado o noso presidente Jose Ramón Caldas, en representación do colectivo autónomo.

INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS

❖ TR340E, PROGRAMA DE INCENTIVOS ÁS EMPRESAS CUALIFICADAS COMO INICIATIVAS DE EMPREGO DE BASE TECNOLÓXICA (IEBT).

O 9 de abril sae unha nova axuda para impulsar a creación de novas iniciativas empresariais de base tecnolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia mediante a convocatoria do Programa de incentivos ás empresas previamente cualificadas e inscritas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica.

As accións subvencionables serán:

- Subvención á creación directa de emprego estable.
- Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade.
- Subvención para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras.
- Apoio á función xerencial



❖ CO301B - BONOS ACTIVA COMERCIO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN E INCENTIVACIÓN DO CONSUMO NOS COMERCIOS RETALLISTAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O obxectivo do programa bonos Activa comercio é incentivar a demanda comercial, axudando economicamente ás persoas consumidoras, así como fomentar o consumo

da actual situación inflacionista. nos establecementos comerciais retalistas adheridos á campaña.

Ademais, o programa ten como finalidades propiciar o fortalecemento do sector comercial retalista da Comunidade Autónoma de Galicia, dinamizar a actividade comercial promovendo as compras de bens en comercios, mellorar o fondo de manobra dos establecementos comerciais e paliar o impacto negativo derivado.

O prazo xeral para a adhesión a este programa comezará o 16 de abril e rematará o 1 de setembro de 2024.



❖ CT402C - SUBVENCIONES ÁS ACTIVIDADES DE DISTRIBUCIÓN PARA INDUSTRIAS CULTURAIS

O obxectivo da axencia é consolidar o tecido industrial no sector cultural galego para promover un tecido empresarial capitalizado, competitivo e innovador, fomentar a creación e potenciar a comercialización de bens e servizos culturais de calidade, favorecendo a difusión da lingua e da cultura galegas como elementos singularizadores.

As persoas beneficiarias serán:

- Persoas físicas (autónomas) e persoas xurídicas privadas, con domicilio ou sucursal en Galicia ou nun territorio membro da Unión Europea ou asociado ao Espazo Económico Europeo, dedicadas profesionalmente á actividade de produción e

distribución de espectáculos de artes escénicas ou musicais que desenvolvan maioritariamente a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Agrupacións de persoas físicas ou xurídicas privadas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo as actividades obxecto da subvención, con domicilio ou sucursal en Galicia ou nun territorio membro da Unión Europea ou asociado ao Espazo Económico Europeo, dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución de espectáculos de artes escénicas ou musicais que desenvolvan maioritariamente a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Non poderán ser persoas beneficiarias desta convocatoria de subvencións: a) As asociacións e restantes entidades sen fins de lucro. b) As persoas ou entidades en que conorra algunha das prohibicións establecidas nos termos previstos no artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

❖ IG300C - AXUDAS Á TRANSFORMACIÓN DIXITAL DAS PEMES PARA O ANO 2024.

As axudas concédense en réxime de concorrencia competitiva e teñen por obxecto a posta en marcha de proxectos de dixitalización cuxa finalidade sexa a implantación de solución para o soporte dixital de procesos dunha empresa ou para proxectos de interconexión dixital de procesos entre unha peme galega e outras empresas ou entre dúas ou máis empresas galegas como poden ser ordes de fabricación

distribuída, sistemas de facturación, procesos entre un líder industrial cara ás pemes que conforman a súa cadea de valor.

Os créditos dispoñibles para concesións nesta convocatoria aboaranse con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.741.A.7700 e polos seguintes importes e distribución plurianual: Proxectos tipo 1 (<50.000 €): 50.000 € con cargo ao ano 2024 e 1.450.000 € con cargo ao ano 2025.

Proxectos tipo 2 (entre 50.000 e 120.000 €): 25.000 € con cargo ao ano 2024 e 1.475.000 € con cargo ao ano 2025.

Proxectos tipo 3 (>120.000 €): 25.000 € con cargo ao ano 2024 e 1.975.000 € con cargo ao ano 2025.

O prazo remata o 25 de maio de 2024.

Para mais información, visita as nosas webs:

<http://www.apegalicia.gal/>

O nas nosas redes sociais:

<https://www.facebook.com/ApeGalicia>



https://www.instagram.com/ape_galicia/



APE GALICIA

Tfno.: 986 89 16 57

Móvil: 697 195 540

E-mail:

info@apegalicia.es

Dirección: Gajos de
Mendoza N^o2, Bajo 2 -
36001 Pontevedra

